



Experimentación Didáctica na Aula 2008

Disponibilidade da aula

A materia de Matemáticas de 3º de ESO B, o grupo co que se realizará a experimentación, considerouse á hora de facer o horario do Centro coma se fose unha materia de Informática máis. Xa que logo este grupo pode dispor da aula de Informática catro horas semanais.

Características dos ordenadores

A Aula de informática do CPI Tomás de Lemos dispón de sistemas informáticos interconectados e con acceso á Web situados nos diferentes departamentos, biblioteca, sala de profesores, Secretaría e persoal administrativo, Xefatura de Estudos e Dirección.

- Oito ordenadores coas características seguintes:
 - Sistema operativo: Windows XP Profesional (V. 2002)
 - Microprocesador: AMD Athlon 64x2 Dual Core Processor 56007 a 2,81 Ghz
 - Memoria RAM: 2 Gb
 - Portos USB: 9
 - Pantalla: TFT 17"
 - DVD gravador
 - Presenza no centro: Desde 2007
-

- Cinco ordenadores coas características seguintes:
 - Sistema operativo: Windows XP Profesional (V. 2002)
 - Microprocesador: Intel Core 2 CPU 6300 a 1,86 Ghz
 - Memoria RAM: 1 Gb
 - Portos USB: 8
 - Pantalla: TFT 17"
 - DVD gravador
 - Presenza no centro: Desde 2006
-

- Oito ordenadores coas características seguintes:
 - Sistema operativo: Windows XP Profesional (V. 2002)
 - Microprocesador: Intel Pentium 4 CPU 2,80 GHz
 - Memoria RAM: 512 Mb
 - Portos USB: 6
 - Pantalla: Normal de 15"



Experimentación Didáctica na Aula 2008

- DVD leitor e CD gravador
- Presenza no centro: Desde 2001

- Un ordenador portátil coas características seguintes:
 - Sistema operativo: Windows XP Profesional (V. 2002)
 - Microprocesador: Mobile Intel Pentium 2,20 GHz
 - Memoria RAM: 480 Mb
 - Portos USB: 3
 - Pantalla: 15"
 - DVD leitor e CD gravador
 - Presenza no centro: Desde 2003

Como adoita ocorrer en calquera aula de informática na que entran moitos usuarios, en multitude de ocasións xorden problemas con algúns equipos. Espero ter a punto o aula na que imos levar a cabo a experimentación para que estean todos operativos.

Agrupamento do alumnado na aula

Creo conveniente que os alumnos traballen de forma individual tanto polo seguimento individualizado das súas evolucións como pola dispoñibilidade de ordenadores.

Distribución dos equipos

A distribución da aula é fixa e non se pode modificar debido ao cableado existente.

Os equipos están distribuídos en dúas liñas paralelas ao longo do aula, aproximadamente o cuádruple de longo que de ancho. Os monitores están situados de maneira que o usuario que mira a eles, á súa vez, atópase mirando a unha parede sen fiestras.

Nun dos laterais libres cóntase cunha pizarra e unha pantalla de proxección sobre a que se poida visualizar o contido do meu ordenador portátil usando o canón de proxección do centro, estes sitúoos nunha mesa central.

Conectividade á rede Internet

Todos o ordenadores atópanse en rede a través dun concentrador e teñen conexión a Internet mediante un acceso compartido de banda ancha a través do servidor da Xunta de Galicia..

A conexión a Internet é mediante unha liña ADSL de bon funcionamento e cunha velocidade máxima de 100 Mbps



Experimentación Didáctica na Aula 2008

Outros medios didácticos

A aula de informática do centro tamén dispón de: canón de proxección, escaner, impresora, pizarra dixital Smartboard e pizarra branca.

Nun principio usaranse únicamente os ordenadores coas súas correspondentes unidades didácticas instaladas no disco duro.

O uso da pizarra é obrigado nalgunhas das sesións, nas que se explicará aos alumnos como han de traballar, os obxectivos que buscamos..., así como posibles dúbidas que xurdan no proceso.